INFORMACIÓN PARA OS PACIENTES PENDENTES DE FACEREN PROBAS EPICUTÁNEAS

- A proba epicutánea (test do parche) consiste na aplicación sobre a pel dun ou varios axentes responsables de reaccións cutáneas de contacto, co fin de confirmar unha resposta de hipersensibilidade retardada.
- Utilízase para o diagnóstico de reaccións cutáneas producidas por contacto e menos frecuentemente para estudar reaccións adversas por medicamentos ou alimentos.
- A súa aplicación realízase habitualmente sobre a pel das costas e excepcionalmente noutras localizacións. Os produtos para probar aplícanse sobre uns parches que se adhiren á pel por medio dun apósito adhesivo, que se debe manter durante 48 horas; nese tempo non se poderá mollar e evitarase o seu desprazamento. Tras 48 horas, retíranse o apósito e os parches e realízase unha lectura dos resultados obtidos. O resultado das probas valórase por medio de lecturas realizadas nos días sucesivos.
- Durante os días que dure o estudo, pode facer vida normal, pero absterase de mollar a zona na que estean aplicados os parches (pódese duchar, pero sen mollalos). Evitará realizar exercicio físico, pois os parches pódense desprazar ou despegar coa suor.
- No caso de afrouxarse o parche ou o apósito, este debe fixarse novamente con esparadrapo de papel suplementario e comunicarllo ao seu médico na seguinte visita.
- No caso de observar reacción na área sinalada durante as tres semanas seguintes á última visita, debe tentar tomar unha foto das lesións e comunicarllo ao médico, xa que podería ser importante. Se ten algunha dúbida, non esqueza consultala.

MEDICAMENTOS QUE INFLÚEN NO RESULTADO DAS PROBAS

Sempre que sexa posible, débense realizar as probas **2 semanas** despois de **interromper os corticoides administrados por vía oral ou parenteral** e, sobre todo, os **corticoides tópicos** na zona de realización das probas **(costas).**

Antihistamínicos. Pódese seguir con antihistamínicos orais durante as probas epicutáneas, xa que non afectan o resultado e no caso de produciren algún efecto, este é mínimo. **Si habería que suspendelos unha semana antes (se é posible) nos casos nos que se sospeita dunha urticaria de contacto.**